



# PLAN ANUAL DE LECTURA

**IES AS TELLEIRAS**

**NARÓN (A Coruña)**

**CURSO 2022-2023**

## Contido

1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN.....	3
2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.....	4
3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	7
4. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA E DEPARTAMENTOS).....	11
5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS.....	11
5.1. HORA DE LER.....	11
5.2. CLUBS DE LECTURA.....	12
5.3. LECTURAS CURRICULARES:.....	13
6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.....	14
7. ITINERARIOS LECTORES.....	14
Libros do Itinerario lector para o curso 2022-2023.....	14
7.1. FORMACIÓN DE USUARIOS E CAMPAÑAS DE LECTURA.....	17
7.2. ACTIVIDADES.....	18
8. RECURSOS E MATERIAIS.....	18
9. LER EN FAMILIA.....	20
10. SEGUMENTO E AVALIACIÓN.....	20

## 1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN.

Para este curso 2022-2023 os obxectivos que formulamos están en sintonía co noso Plan Lector, revisado o curso 2018-2019 e que é o resultado da participación e do consenso de toda a Comunidade Educativa; queremos que este plan Anual de Lectura sexa real, aplicable (e aplicado) e aberto ás modificacións e melloras que vaian xurdindo polo camiño ao longo do curso.

Viviamos xa nun mundo cada vez máis influído polos *mass media* e un dos escenarios fundamentais onde se produce a socialización dos suxeitos do século XXI é Internet, onde as redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram, WhatsApp...) formaban parte inseparable das vidas do noso alumnado, xerando espazos para o diálogo e interaccións humanas de tamaños ilimitados.

Estes anos pasados déronlle un extraordinario pulo ao mundo virtual; o uso das Aulas Virtuais e o emprego de todo tipo de ferramentas entraron a formar parte das vidas de todos nós (alumnado, profesorado, familias) e impuxeron obrigatoriamente a necesidade de familiarizarse con estes dispositivos e aplicalos á vida académica. Os hábitos de lectura víronse cambiados: se ata o de agora todo o alumnado empregaba dispositivos electrónicos (o smartphone é hoxe en día imprescindible para estar en contacto co mundo) para buscar información, escoitar música, navegar polas redes sociais, tamén agora se fixo indispensable para facer as actividades de aula e traballos ou para dar clase. Se antes da pandemia detectabamos que estaba a baixar moito o tempo diante da televisión, sendo substituída esta polas pantallas dos ordenadores, as tablets e os móbiles, as enquisas públicas demostran que nestes últimos cursos o seu uso disparouse exponencialmente polo tempo de reclusión e a necesidade de seguir conectados co mundo. Esta complexa realidade debe ser tida en conta e haberá que traballala especialmente.

Tamén temos que contextualizar que a ubicación do noso instituto non permite un uso da Biblioteca en horario de tarde: case todo o noso alumnado de horario diurno fai uso do transporte escolar e o centro pecha as súas portas fóra do horario de tarde dos martes pola tarde de 16.20 ás 18.00 horas, xa que se deixou de impartir ensinanza ao alumnado de Adultos desde hai xa tres cursos. Aínda así a biblioteca representa un lugar importante de acceso á información tanto para a consulta dos fondos bibliográficos (lecturas obrigatorias dos distintos departamentos) como para traballar na Internet. É por isto que precisamos facer un esforzo dobre para converter a nosa Biblioteca nun centro de documentación, de difusión cultural e de promoción da lectura como pracer.

Polo tanto temos que:

- Crear e/ou fomentar hábitos de lectura e escritura; é importante crear no alumnado unha “necesidade” da lectura tanto no plano académico como por pracer persoal.
- Crear e/ou fomentar hábitos de estudo e traballo, promovendo a lectura como vía de acceso á información.
- Conseguir que tras a escolaridade o alumnado teña adquirido o gusto pola lectura, o hábito de ler e as estratexias necesarias de busca de información; en resumo, conseguir fomentar o interese pola cultura en xeral.
- Fomentar a aprendizaxe autónoma e potenciar o sentido crítico e selectivo en canto ás lecturas.

- Incluir e sensibilizar as familias como parte indispensable no proceso da creación e fomento da lecto-escritura.
- Incluir outras institucións como a Biblioteca Municipal no proceso.
- En resumo, axudar a que o alumnado adquira as competencias clave da LOMLOE: competencia en comunicación lingüística, competencia plurilingüe, competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, competencia dixital, competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresións culturais.

Tendo estes obxectivos tamén temos que centrarnos en aspectos que consideramos como urxentes á vista dos resultados das avaliacións de diagnóstico de cursos anteriores:

- Necesidade de implementar entre o noso profesorado o costume de solicitar axuda para traballar aspectos competenciais na aula e mesmo iniciar pouco a pouco o traballo por proxectos.
- As programacións docentes incluírán a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento das materias e levarán a cabo lecturas na aula tanto a nivel individual como colectiva.
- Os departamentos deberán levar a cabo accións concretas destinadas á adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia plurilingüe e da competencia dixital.
- Continuar coa creación dos itinerarios lectores.

## 2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

O centro ten que ser un lugar onde o alumnado sinta que está sendo cada día un lector en potencia; deberemos lograr que todo espazo presente no instituto sexa capaz de fomentar a lectura. Para iso todos os departamentos presentan na súa programación a súa achega tanto ao Plan Lector como ao Plan TIC.

Non obstante, existen espazos concretos e axeitados que potencian a competencia en comunicación lingüística, a competencia plurilingüe e a competencia dixital.

### • **Bibliotecas de aula**

Aínda que as Bibliotecas de Aula en formato físico existentes en todas as aulas da ESO foran retiradas polas medidas Covid, as lecturas continuaron a ter o seu espazo de forma virtual; os departamentos de Lingua e Literatura Castelá e Lingua e Literatura Galega fixeron un enorme esforzo habilitando na plataforma EDIXGAL un apartado de lecturas en PDF, variadas en xéneros, accesible desde o curso 2020-2021 para o alumnado de 1º e 2º da ESO e tamén xa desde o curso pasado, 2021-2022, para o alumnado de 3º e 4º ESO a través dos ordenadores persoais que teñen á súa disposición e ao profesorado que imparte materias nestes cursos.

<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>

Este elenco de lecturas vai aumentando coas suxestións que os distintos departamentos desexen achegar ao longo do curso; deste xeito enriquecése a proposta de temas e materias (ciencias, tecnoloxía, historia, arte, mitoloxía, deportes...)

**Como novidade, este curso nas próximas semanas comezaremos a recuperar as bibliotecas de aula naqueles niveis e grupos en que o espazo físico dispoñíbel para tal efecto o permita.** De partida, en 1º da ESO parece que non vai ser posíbel polo alto número de alumnado. Deste xeito poderemos restablecer nas aulas os andeis e as coleccións de libros en papel; a idea sería facer coincidir ambos os dous sistemas ao mesmo tempo, enriquecendo o acceso ás lecturas tanto en formato físico como virtual.

- A actividade **“Hora de Ler”**, implantada no centro desde hai anos en todos os cursos da ESO, goza xa dunha dinámica moi ben acollida polo alumnado e o profesorado; consiste en vinte minutos diarios de lectura persoal, privada e silenciosa na aula dunha lectura elixida libremente polos alumnos e que non forme parte das lecturas obrigatorias das materias.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/course/view.php?id=237&section=3#tabs-tree-start>

Farase de 1ª hora a 6ª da mañá, e o profesorado foi xa informado a través dun correo electrónico a finais de setembro de que desde o luns 3 de outubro, na primeira hora (8.30-9.20), empezaremos coa actividade “Hora de ler”; durante a semana anterior o equipo da biblioteca pasa polas aulas para explicar ao alumnado de 1º da ESO o seu funcionamento e recordarllo ao resto dos grupos; por tanto, os alumnos e alumnas xa estarán avisados para a data de inicio, polo que deberían levar cada un o seu propio material de lectura. En caso contrario, poderán utilizar a aula virtual coas lecturas das que dispoñen en formato dixital e ás que acceden desde os seus portátiles. Prégase tamén que o profesorado leve o seu libro ou dispositivo electrónico para dar exemplo.

A “Hora de Ler” seguirá a ser unha magnífica ocasión de homenaxe e celebración de determinadas datas durante o curso (por exemplo, Día das Escritoras, Día das Letras Galegas, Día do Libro, Lecturas *in memoriam*...), das que se dará información a través de correos enviados ao profesorado con antelación indicando a forma de levalo a cabo; deste modo substitúese esa lectura persoal por unha lectura compartida en grupo e en voz alta de textos seleccionados polo equipo da Biblioteca e o profesorado dos Departamentos de Linguas; previamente preparados os materiais para esa actividade, serán presentados en formato papel e/ou estarán subidos ao apartado Biblioteca/ Hora de Ler da Aula Virtual.

A “Hora de Ler” comezará este curso no mes de outubro e rematará no mes de xuño; a súa dinámica foi presentada nas aulas da ESO con charlas informativas, especialmente ao alumnado de nova incorporación dos grupos de 1º da ESO. Nos taboleiros das aulas da ESO, desdobre e obradoiros atoparedes mes a mes o cadro de Temporalización da “Hora de Ler” que estará sempre, nos desdobre e obradoiros utilizados polo alumnado da ESO, na Sala profesores, no taboleiro exterior da Bibliotelleiras e tamén nas salas interiores da mesma. Así mesmo tamén aparecerá colgado mensualmente na Aula Virtual, apartado

Biblioteca, espazo “Hora de Ler”.

- A **Biblioteca escolar**, a nosa Bibliotelleiras, estará aberta sempre e atendida por un responsable da mesma o maior tempo posible este curso só en horario diurno polas razóns xa explicadas. Unha soa persoa farase cargo da biblioteca nos tempos de lecer para atender ao préstamo/devolución, pero afortunadamente a nosa biblioteca volverá a estar aberta ao alumnado para a lectura, a consulta e o estudo, tanto nos tempos de lecer como nas horas lectivas para o alumnado de 2º Bacharelato con materias soltas ou durante as gardas por ausencia dun profesor, como ao alumnado doutros cursos que ten materias convalidadas.
- Funcionamento e organización dos distintos grupos de **Clubs de lectura**, que impulsen e estimulen a lectura cos alumnos e alumnas máis aló dos libros de lectura obrigatoria; trátase de ofrecer unha oportunidade de ampliar os horizontes literarios e o coñecemento das novidades editoriais; este ano de novo intentaremos manter os clubs xa existentes e, se fose posible, dispoñer dalgún outro novo. Tentamos darlle a maior difusión a través de cartaces nas aulas de todos os grupos da ESO e 1º Bacharelato, no taboleiro exterior da biblioteca, a través da páxina web do centro e do Instagram, da Aula Virtual/ apartado Biblioteca e o Blog da Bibliotelleiras.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2132>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2133>

- **“Lemos no vestíbulo”**: exposicións e uso do canón audiovisual nos tempos de lecer aproveitando datas e conmemoracións importantes tal como fixemos o curso pasado co gallo do Día das Letras Galegas dedicado ao poeta valdeorrés Florencio Delgado Gurriarán, en colaboración co ENL do centro.
- **Blog da Biblioteca** que segue en marcha este curso coa axuda de dona Aurora Romar Gasalla, profesora do Dpto. de Tecnoloxía e o **Blog dos Clubs** de lectura da man do noso compañeiro Ramiro Pérez Prado, profesor do Dpto. Dde Latín e que seguirá adiante:

<https://otesourodepapel.blogspot.com/>

O noso Blog da Biblioteca é consultable na Páxina web do centro e queda aloxado no apartado de Biblioteca, onde poden ser consultadas todas as actividades que programamos desde a Biblioteca coa colaboración do ENL e a Vicedirección; tamén dispoñemos na Aula Virtual dunha sección de Biblioteca con diversos apartados que achegan informacións diversas e que conta coa vantaxe de que pode ser consultado con acceso directo sen necesidade de contrasinal:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=blog/110>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/course/view.php?id=237>

Contamos ademais este curso 2022-2023 como membro do equipo da biblioteca coa Vicedirectora, dona Estefanía Mosquera Castro, do departamento de Lingua e Literatura

Galega, a quen agradecemos a súa colaboración tanto na xestión da Páxina web do centro, outra das canles de difusión de todas as actividades que programa a Biblioteca conxuntamente con o ENL e a Vicedirección e a organización das mesmas.

### 3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

As nosas liñas de actuación prioritarias para este curso 2022-2023 son as seguintes:

En canto á *organización*:

- Formarase o **Equipo da Biblioteca**; aínda que unha reunión presencial sería o ideal para coordinar a todos os membros, somos conscientes de que a complexidade dos horarios faino imposible e é perfectamente comprensible; porén, isto non impide que poidamos organizarnos, especialmente ao facer coincidir este curso nalgunas horas de garda de biblioteca aos membros do equipo.
- Contará coa **colaboración e asesoramento da Vicedirección do centro** para a realización de actividades conxuntas, máxime este curso ao contar coa Vicedirectora, dona Estefanía Mosquera Castro, como membro do equipo da Bibliotelleiras.
- Desenvolverá un **traballo coordinado co ENL**, en estreita colaboración coa dona M<sup>a</sup> Carmen Suárez Rey, que novamente este curso dirixe o ENL do centro, co fin de organizar conxuntamente actividades dirixidas ao fomento da lectura en galego.
- Levaremos a cabo as actividades programadas para o curso e todas aquelas que poidan xurdir, en **colaboración cos distintos departamentos didácticos e co Club de Ciencias**.
- Organizará o horario, as normas de uso e o préstamo da Biblioteca en coordinación coa Xefatura de estudos e a Vicedirección, vendo a posibilidade de ampliar na medida do posible as horas de atención de biblioteca no horario diurno na medida do posible.
- **Coordinarase cos distintos departamentos para a adquisición de novos fondos**, achegando ideas e recollendo propostas para lograr elaborar itinerarios lectores e as lecturas curriculares.
- A responsable da biblioteca realizará un control periódico dos préstamos, en colaboración cos outros membros do equipo da Biblioteca.
- A Biblioteca estará representada no **Consello Escolar** pola Vicedirectora, dona Estefanía Mosquera, membro do equipo da Biblioteca, para abordar as necesidades e presentar os proxectos que programa a biblioteca.
- Participará activamente e apoiará a revisión do Plan Lector do Centro.
- Deseñará o **Plan Anual de Lectura** e realizará a **Memoria final** do curso.

En canto á *dinamización e promoción dos recursos da biblioteca*, a súa integración no tratamento do currículo e contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado será a seguinte:

- Recopilar e deseñar actividades relacionadas coa adquisición das distintas competencias básicas establecidas nos diferentes niveis educativos.
- Elaborar documentos informativos (trípticos, guías de lectura, boletíns para o alumnado, nas que se impliquen alumnado e profesorado).
- Organizar actividades de forma coordinada cos distintos órganos do centro (departamentos, ENL, vicedirección) e da contorna (biblioteca pública do Concello de Narón, colexios de primaria, asociacións culturais...) onde participe todo tipo de alumnado, actuando ademais como elemento de compensación social.

Atendendo aos obxectivos do *Proxecto Lector*, as actividades deben servir para o desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística e competencia plurilingüe*, para alentar e estimular o gusto pola literatura (*competencia en conciencia e expresións culturais*) e para dotar de recursos para acceder á información (*competencia dixital*) e para facilitar a autoaprendizaxe (*competencia para aprender a aprender*).

En canto á Formación de Usuarios e á Adquisición da Competencia Informacional o *Plan Anual de Lectura* prevé actividades para a alfabetización informacional do alumnado do centro. Para iso temos previsto realizar este curso:

- Unha revisión da Guía de Usuarios adaptada agora aos novos tempos para o profesorado e o alumnado onde se expliquen as normas de uso da biblioteca e o sistema de clasificación, adaptado á CDU.
- Desde o pasado curso 2021-2022 a Bibliotelleiras experimentou unha extraordinaria transformación: a biblioteca viuse ampliada e remodelada por mor das obras que a Consellería de Educación levou a cabo durante o verán de 2021 e que supuxo un cambio extraordinario ao incorporarse aos espazos da biblioteca zonas do centro que facían anteriormente outras funcións como cuartos da “antiga casa do conserxe”. Deste modo foi posible crear unha zona máis ampla e luminosa para unha nova sala de lectura que ampliou considerablemente o número de postos de lectura; ao mesmo tempo, abriuse para a biblioteca un espazo exterior, coñecido en tempos como “o patio da casa do conserxe”, ao que se pode acceder agora directamente desde a biblioteca e que será utilizado, unha vez acondicionado e debidamente habilitado este curso 2022-2023, como lugar de lectura exterior e para reunión de clubs de lectura, actividades variadas, encontros con autores e autoras... ao aire libre e baixo unha parra que dará sombra a todas estas actividades. A Dirección do centro, personalizado neste caso na figura do Secretario, don Manuel Couceiro, está xa moi implicada para levar a cabo as obras durante este curso.

Esta total transformación dos espazos significou unha alteración da disposición dos andeis, mesas e cadeiras e, ao tempo, unha restructuración na disposición dos libros segundo a CDU, tentando a reagrupación das materias e adaptando o tamaño dos andeis aos espazos dispoñibles.



Dispoñer os nosos fondos bibliográficos e adaptalos aos novos espazos esixiu, sen dúbida, un esforzo para reacondicionar a biblioteca; por iso seguiremos ao longo do presente curso unha readaptación dos espazos, para realizar unha nova sinalización dos andeis, mellorando as condicións de accesibilidade dos libros das distintas materias.

- Continuar coa actividade “**Coñece a túa biblio**” en 1º ESO, que desenvolvimos xa nas propias instalacións da biblioteca o día 8 de setembro co alumnado de 1º ESO, e “**Benvida e informacións básicas**” co alumnado de 1º Bacharelato de nova incorporación que tamén realizou un percorrido polo centro e visitou a biblioteca. Trátase con estas actividades de explicarlle ao alumnado novo o funcionamento básico da biblioteca (préstamo e devolución, uso das instalacións, a necesidade de respectar as normas de comportamento, dar a coñecer o funcionamento dos Clus de lectura...), resolver dúbidas e ofrecer as informacións que demande o alumnado.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2143>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/course/view.php?id=237&section=8#tabs-tree-start>

- Visita a outras bibliotecas da contorna (por exemplo, a **Biblioteca Municipal do Concello de Narón**) co fin de que o alumnado coñeza o funcionamento doutras bibliotecas.

Esperamos este curso 2022-2023 poder realizar a nosa tradicional visita á Biblioteca Municipal de Narón esta vez co alumnado dos Clubs de lectura; así mesmo seguiremos a participar conxuntamente en todas aquelas actividades que nos propoñan.

- Enquisa, se é posible, sobre o funcionamento da biblioteca ao comezo e ao final de curso para ir facendo os cambios oportunos e incorporando as achegas de toda a comunidade educativa.

En canto ao **Fomento da lectura**:

- Actividades diversas de animación á lectura coa colaboración do ENL e cos distintos departamentos con actos e propostas que se desenvolvan nos espazos da biblioteca ou que estean presentes nela a través de exposicións diversas con fin de animar ao noso alumnado á lectura e á participación na que se promova o seu fomento, así como lecturas escollidas para facer en común durante a “Hora de ler”, murais tipo *collage*, montaxes, concursos de relatos, poemas, encontros con escritores e escritoras...

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/course/view.php?id=237&section=8#tabs-tree-start>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2134>

Trátase de achegar ao alumnado á lectura dun xeito lúdico, aproveitando o compoñente participativo que se xenera cando se lle convida a formar parte dunha actividade; comprobamos, curso a curso, que a participación do alumnado é máis significativa nos

niveis de 1º e 2º da ESO e que decrece significativamente nos cursos superiores da ESO e no Bacharelato; non obstante, parece interesante non perder estes recursos humanos e contar con eles para desenvolver algunhas das actividades.

- Faremos uso xa este curso da plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 co fin de ampliar as experiencias lectoras a través da lectura dixital e para mellorar a competencia lectora fomentando os hábitos de lectura entre o alumnado máis novo que se achega con curiosidade e interese ás novas tecnoloxías. Temos a intención de comezar a traballar con grupos pequenos (clubs de lectura, grupos de PDC, agrupamentos...) para ir ampliando posteriormente a oferta a grupos máis numerosos.
- Continuidade dos Clubs lectores xa existentes e, se fose posible, creación dalgún outro novo. Neste sentido, animamos ao resto do profesorado a poñer en marcha algún outro novo club de lectura a través dos claustros celebrados os días 13 de e o 1 de setembro.
- Seguiremos este curso 2022-2023 coa "**Hora de ler**":
  - A actividade está dirixida este curso a todo o alumnado da ESO, con textos en formato virtual accesibles a través de EDIXGAL e animamos a volver á lectura en papel, ben propiciando que alumnado e profesorado traian os seus propios libros da casa á aula, ben facendo de novo uso do préstamo dos exemplares da nosa biblioteca para lelos na clase. **Este curso comezamos a recuperar as bibliotecas de aula naqueles niveis e grupos en que o espazo físico dispoñíbel para tal efecto o permita.**
  - As lecturas faranse a través dos ordenadores persoais do alumnado accedendo a <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>
  - Non obstante, seguimos insistindo na obriga de non ler durante esta actividade lecturas programadas polos distintos departamentos; trátase de gozar de lecturas da nosa propia elección, unha ocasión de pracer lector fóra das esixencias académicas.
  - Seguiremos facendo uso da “Hora de Ler” para levar a cabo lecturas compartidas e en voz alta para homenaxe e celebración de determinadas datas durante o curso: Día das Escritoras, Día das Letras Galegas, obituarios e homenaxes, conmemoración de datas significativas...
- Colaboración da biblioteca co ENL en todas aquelas actividades que fomentan o uso do galego: concursos, certames literarios, exposicións de obras de carácter literario e audiovisual, cartaces, teatro, conferencias relacionadas coa lingua e literatura, novidades editoriais, campañas de lectura, xa que todo este material está feito empregando a lingua galega.
- Exposición na Bibliotelleiras de libros que forman parte dos nosos fondos bibliográficos, aproveitando para dar a coñecer magníficos exemplares de diferentes xéneros (poesía, biografías...), autores e autoras (ciencia, literatura, arte...) e un longo etc.
- Campañas de promoción da lectura coa realización de boletíns de propostas lectoras

(Nadal, Entroido, Semana Santa, Verán...).

#### **4. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA E DEPARTAMENTOS).**

A través de **EDIXGAL** o alumnado de todos os cursos da ESO ten á súa disposición en PDF unha ampla, diversa e ben escollida selección de libros en lingua castelá e en lingua galega, que abarcan un completo abano de temas entre os que poderán elixir as súas lecturas. Contan igualmente cos fondos bibliográficos da biblioteca e faremos uso tamén da plataforma de préstamo dixital E-LBE.2 para mellorar a competencia lectora e dos hábitos de lectura entre os máis novos.

Estamos recuperando as Bibliotecas de aula nos andeis nas aulas, agás aquelas nas que o espazo físico o imposibilite; así o alumnado terá de novo á súa disposición todos os exemplares de libros que, por motivo do protocolo covid, foran retirados e debidamente almacenados en caixas nas instalacións da biblioteca á espera de poder recuperalos. Pouco a pouco irán sendo rexistrados no sistema Koha coa indicación de Bibliotecas de Aula como localización.

En canto ás Bibliotecas dos Departamentos, estamos en contacto directo con distintos departamentos didácticos de tal xeito que facemos un traballo de pescuda bidireccional: os departamentos recomendan ou suxiren libros que poidamos adquirir desde a Biblioteca e ao contrario, é dicir, desde o Equipo da Biblioteca estamos constantemente atentos á adquisición de libros que poidan ser de interese para os distintos departamentos. Os libros irán debidamente rexistrados no sistema KOHA coa localización nos departamentos.

#### **5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS.**

##### ***5.1. HORA DE LER***

Metodoloxía:

Levarase a cabo cun ciclo de seis semanas e procederemos do seguinte modo: a primeira semana todo o alumnado da ESO dedicará os primeiros 20 minutos da 1ª hora de clase á lectura; a segunda semana, o alumnado dedicará os primeiros 20 minutos da segunda hora de clase e así sucesivamente ata completar o ciclo de seis semanas, incluíndo xa este curso a 6ª hora que ata o ano pasado, por motivos de protocolo, quedou eliminada polo tema de xestionar axeitadamente o transporte escolar e as saídas escalonadas. Cando remate o primeiro ciclo comezaremos o seguinte e así ata final de curso; deste xeito todas as materias dedicarán un tempo á lectura proporcional ás horas desa materia (15% do tempo).

- As lecturas serán de libre elección por parte do alumnado (trataríase, pois, dunha lectura persoal, privada e sostida en silencio), seleccionadas de entre as postas á súa disposición en formato PDF a través da plataforma EDIXGAL, libros propios, exemplares en préstamo da Bibliotelleiras e das Bibliotecas de aula físicas, como xa comentamos anteriormente.

- Con motivo de datas sinaladas (pasamento dalgún autor ou autora, Día das Escritoras, Día do Libro e dos Dereitos de Autor, Día das Letras Galegas, Lecturas *in memoriam* conmemoración de datas importantes...) propoñemos desde a Biblioteca substituír esa lectura persoal e silenciosa por una lectura en voz alta na clase a cargo do propio alumnado de textos seleccionados previamente; con anterioridade advertirase ao profesorado ao alumnado par levar a cabo esta actividade a través de correos.
- O profesorado que imparte materias nos niveis de toda a ESO estará habilitado para acceder a esta biblioteca virtual ou ben poderá traer o seu propio exemplar de lectura; trátase de predicar co exemplo.
- O **Documento da Temporalización de “Hora de Ler”** estará sempre dispoñible nas cortizas das aulas da ESO, nos desdobres e aulas de Tecnoloxía e Informática, Departamento de Orientación, sala de profesores, cortiza exterior da biblioteca e apartado Biblioteca/ Hora de Ler da Aula Virtual e será renovado mensualmente.

## 5.2. CLUBS DE LECTURA

Para os distintos clubs de lectura existe unha coordinadora, que é á vez responsable da biblioteca e que levará a cabo as seguintes funcións:

- ✓ Coordinarse cos outros profesores que participen no club para indicar as necesidades previstas e poder levar adiante a adquisición dos libros que van ser lidos .
- ✓ Decidir, xunto cos outros profesores, a programación cultural do club.

As reunións normalmente serán semanais, de tal xeito que permita aos compoñentes do club ler os capítulos que se marquen.

As reunións terán lugar na sala grande, que fai ademais as funcións de Sala de usos múltiples.

As reunións comezarán cando todos os membros estean sentados, polo tanto é importante ser puntuais e notificar a ausencia previa á reunión semanal.

Nas sesións o profesorado decidirá os tempos de lectura, moderará o grupo repartindo as quendas de palabra, lanzará preguntas para animar ao debate, cortará as intervencións excesivamente longas etc.

Intentaremos, na medida que sexa posible, ter contacto cos autores ou autoras das nosas lecturas, organizando, ao longo do curso, para iso algún encontro, xuntanza ou mesa redonda onde os participantes do club poidan preguntarlles directamente sobre aspectos da lectura, aclarar as dúbidas que ás veces xorden durante a lectura, interesarse por como foi o proceso creador da obra...

Para este curso 2022-2023, teremos o gusto de recibir no centro e gozar dunha xuntanza de novo con Juan José Lada Vilariño que acaba de facernos chegar a súa terceira novela, *El oro de Himmler*, continuación das dúas obras que limos o curso pasado; e esperamos contar coa presenza de Rober Cagiao, autor de *El guardián de las flores* e da escritora ferrolana de *Gotas de rocío, copos de nieve*,

*Finy Sesmonde.*

Así mesmo, na medida que sexa posible, sería interesante facer algún percorrido polos lugares que son escenario das historias que se desenvolven nestas lecturas; trátase de poñernos en contacto directo cos ambientes para xenerar así maiores expectativas de interese.

Neste curso o club contará con catro grupos de lectura:

- Un grupo de alumnado de 3º ESO , 4º ESO e 1º Bacharelato que, dirixido por don Ramiro Pérez Prado, profesor de Latín, promove lecturas entre textos narrativos que podemos considerar hoxe en día “*Obras mestras universais*”, este curso *Drácula* de B. Stoker.
- Un grupo de alumnado de 3º ESO, 4º ESO e 1º Bacharelato (5 alumnas e 1 alumno) para seguir traballando as “Historias de Ferrolterra, Eume e Ortegal”, comezado o curso pasado e dirixido por dona Elba Granado Sánchez, profesora de Grego e coordinadora da Biblioteca.
- Dous grupos de alumnado de 1º e 2º ESO, dirixidos por dona Aurora Romar Gasalla, profesora do Departamento de Tecnoloxía, que seguirá a traballar, como o curso pasado, sobre temas de tecnoloxía e robótica. Lerán nun principio obras por separado ata confluír nas mesmas lecturas logo dun tempo. O número de participantes está aínda sen determinar.

### **5.3. LECTURAS CURRICULARES:**

Desde a Biblioteca dotaremos con obras e textos que complementen o currículo. A responsable da Biblioteca, vía CCP, deberá recoller todos os intereses dos departamentos e sopesar cales son as obras que poderán adquirirse con base no orzamento destinado á Biblioteca e no orzamento que nos proporciona o PLAMBE.

Agradecemos a colaboración que, ano a ano, nos prestan os distintos departamentos didácticos para suxerir e aconsellar novidades editoriais nas diferentes materias, achegando novas propostas de materiais bibliográficos que consideren imprescindibles nos nosos andeis e que refrescan e engrandecen os fondos xa existentes. Posteriormente á resolución definitiva do PLAMBE, na reunión da CCP incluiremos un punto especial en que se dará a coñecer a contía definitiva concedida ao centro e a través dun documento deseñado para tal efecto solicitaréi aos xefes e xefas dos distintos departamentos didácticos a súa colaboración para adquirir os libros e/ou material bibliográfico en distintos soportes que vexan importantes e necesarios para as súas materias.

A nosa intención é conseguir unha biblioteca escolar que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, e a outros recursos informativos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.

## 6. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

A persoa responsable da Biblioteca este curso 2022-2023 é dona Elba Granado Sánchez, profesora do Departamento de Grego no centro, que disporá de 9 horas semanais (4 horas de GB tempos de lecer e 5 de GB), e tres profesores, don Ramiro Pérez Prado con 3 horas (1 hora de GB tempos de lecer e 2 de GB), dona Aurora Romar Gasalla, con 1 hora GB (dedicada ao mantemento técnico do Blog da biblioteca) e dona Estefanía Mosquera Castro, vicedirectora do centro cunha 1 de GB, que xeneran un total de 14 horas de gardas de biblioteca no horario diurno. Ditas gardas, como se indica, repártense entre atención de Gardas de tempos de lecer, de xeito que todos os tempos de lecer da semana estean atendidos por profesorado responsable, e Gardas de biblioteca, dedicadas a labores de fichado de libros, organización de actividades, colaboración con Vicedirección e ENL, mantemento do blog etc.

Para o fomento das actividades de lectura temos o acordo do Claustro en realizar a “**Hora de ler**”; neste apartado a Xefatura de Estudos e a responsable da Biblioteca velarán polo seu cumprimento.

Manteremos un permanente contacto co ENL do centro, coordinándonos coa Vicedirección para promover iniciativas en prol do fomento da lectura e organizar actividades e propostas conxuntas: concursos literarios, deseño de cartaces, montaxes, maratóns de lectura, conmemoracións de datas importantes, encontros con escritores e escritoras, saídas culturais, homenaxes *in memoriam* de autores e autoras falecidos... Temos a sorte de contar sempre coa colaboración dos distintos Departamentos didácticos (Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá, Tecnoloxía, Música, Plástica...) que todos os cursos nos ofrecen a súa desinteresada axuda para a organización e desenvolvemento de actividades e eventos.

## 7. ITINERARIOS LECTORES.

### *Libros do Itinerario lector para o curso 2022-2023*

#### **1º ESO:**

- GONZALO MOURE: *Palabras de Caramelo*
- ANDREA MACEIRAS: *Conta nove estrelas*
- M<sup>a</sup> ISABEL MOLINA: *El sueño de Berlín*
- ENRIQUE PÁEZ: *Abdel*
- ANA ALONSO: *Mares de plástico*

#### **2º ESO:**

- EVA MEJUTO: *22 segundos*

- JORDI SIERRA i FABRA: *Campos de fresas*
- GÓMEZ CERDÁ: Alfredo: *Eskoria*
- MARÍA MENÉNDEZ PONTE: *Nunca seré tu héroe*

### 3º ESO:

- ANDREA MACEIRAS: *O que sei do silencio*
- EVA MEJUTO: *Memoria do silencio*
- MARCOS CALVEIRO: *Curros e Holmes*
- CÁNDIDO PANIAGUA: *48 horas*
- HÉCTOR CARAJAVILLE: *A caixiña dos rancores*
- ANA M<sup>a</sup> MATUTE: *Aranmanoth*
- LAURA GALLEGO: *Finis mundi*
- ARTURO PÉREZ REVERTE: *El Capitán Alatriste* (primeira entrega da serie)
- ALEJANDRO CASONA: *Retablo jovial*

### 4º ESO:

- BERTA DÁVILA: *Un elefante na sala de estar*
- NEREA BARROS: *Identidade*
- XOSÉ A. NEIRA CRUZ: *O enigma de Santiago*
- ANTONIO MANUEL FRAGA: *Santoamaro*
- FRAN ALONSO: *Cartas de amor*
- CARLOS RUIZ ZAFÓN, Carlos: *Marina*
- CARMEN LAFORET: *Nada*
- F. GARCÍA LORCA: *La casa de Bernarda Alba*

#### **4º ESO AGRUPAMIENTO**

- ELENA GALLEGO ABAD: *Sete caveiras*
- XOSÉ A. NEIRA CRUZ: *O enigma de Santiago*
- CARLOS NEGRO: *Aplicación instantánea*

#### **1º BACHARELATO:**

- BEGOÑA CAAMAÑO: *Morgana en Esmelle*
- MANUEL PORTAS: *Lourenço, xograr*
- MARICA CAMPO: *Confusión y muerte de María Balteira*
- DOMINGO VILLAR: *A praia dos afogados*
- RIVERO COELLO: *As rulas de Bakunin*
- MARÍA REI VILAS: *Flores de ferro*
- ROSA ANEIROS: *Resistencia*
- MARILAR ALEIXANDRE: *As malas mulleres*
- TERESA MOURE: *Unha primavera para Aldara*
- LUIS GARCÍA JAMBRINA: *El manuscrito de piedra*
- CAMILO J. CELA: *La familia de Pascual Duarte*
- MIGUEL DELIBES: *El camino*

#### **2º BACHARELATO:**

- F. GARCÍA LORCA: *Romancero gitano*
- ALMUDENA GRANDES: *El lector de Julio Verne*
- G. GARCÍA MÁRQUEZ: *Crónica de una muerte anunciada*
- ANTONIO BUERO VALLEJO: *La Fundación*



## LITERATURA UNIVERSAL

WILLIAM SHAKESPEARE: *Romeo y Julieta*

Selección de contos de Edgar A. Poe

MARY SHELLEY: *Frankenstein*

### **7.1. FORMACIÓN DE USUARIOS E CAMPAÑAS DE LECTURA**

Cando iniciamos o curso académico o xoves 8 de setembro fixemos unha xornada de acollida ao alumnado de 1º de ESO e levamos a cabo a actividade “Coñece a túa biblio”, por primeira vez xa na propia biblioteca e a aqueles alumnos/as de nova incorporación de 1º de Bacharelato para comezar a súa formación como usuarios, “Benvida e informacións básicas”, como temos recollido no Plan Lector do centro; estas actividades viñamos facéndoas anualmente pero, polo protocolo das medidas sanitarias da covid, levabamos estes últimos anos nas propias aulas, e foi unha grata novidade poder retomalas no espazo da nosa Bibliotelleiras.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/aulavirtual/course/view.php?id=237>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2143>

Foron un conxunto de charlas ao alumnado nas instalacións da propia biblioteca onde lles indicamos as normas da Biblioteca, os seus recursos, o sistema de préstamos e devolucións, as normas de uso dos espazos, ao tempo que lles achegamos información sobre os nosos clubs de lectura, resolvimos dúbidas e demos respostas ás preguntas que nos fixeron.

Para o curso 2022-2023, como en cursos anteriores, antes de comezar as clases, é interesante unha aproximación ao profesorado de nova incorporación, ademais das informacións que se dan a coñecer durante o claustro de principios de curso, celebrado o 1 de setembro; a idea é poder informarlos do funcionamento de “Hora de Ler” no centro, a súa normativa e así mesmo das Bibliotecas de Aula, co fin de que, principalmente se teñen labores de titoría na ESO, poidan orientar axeitadamente aos seus titorandos. Invitámoslos a coñecer as instalacións, os fondos bibliográficos, os recursos dos que dispoñemos, a migración de MEIGA a KOHA este curso etc; cremos que é unha maneira moi efectiva de solucionar dúbidas, establecer canles de comunicación coa Biblioteca, achegar novas ideas...

En relación coas campañas de lectura ao longo do curso levaremos a cabo actividades relacionadas con distintos eventos (Día das Escritoras, Samaín, Nadal, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas...) nos que aproveitamos para xerar lecturas e exposicións. Tamén intentamos cada ano realizar ou colaborar coas actividades de encontros escritores e escritoras.

Para difundir estes eventos elaboramos cartaces que se expoñen no vestíbulo e nas aulas, sala de profesores, páxina web do centro, Blog da Bibliotelleiras, Aula Virtual /Biblioteca, Instagram.. que irán informando sobre o desenvolvemento das actividades ao longo do curso.

## 7.2. ACTIVIDADES

- Actividade de formación de usuarios e educación documental: xornada de benvida á biblioteca ao alumnado de 1º ESO e 1º Bacharelato de nova incorporación.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/?q=node/2143>

- Promoción da actividade “Hora de Ler”: información da actividade ao alumnado e a todo o claustro e, especialmente ao profesorado de nova incorporación (claustro do 1 de setembro e correo electrónico).
- Promoción dos Clubs de Lectura existentes e animación a formar outros novos, a través de cartaces na biblioteca e nas aulas da ESO e 1º Bacharelato, páxina web do centro, Instagram, Blog da Bibliotelleiras, Aula Virtual/Biblioteca/ Clubs de lectura.
- Visita de autores e autoras: colaboración da biblioteca cos departamentos que este curso leven a cabo encontros con escritores; xuntanzas cos escritores e escritoras dos libros lidos nos clubs de lectura ou que forman parte do itinerario lector deste curso.
- Visita á Biblioteca Municipal do Concello de Narón co alumnado que forma parte dos Clubs de lectura deste ano e colaboración en todas as actividades que desde alí nos propoñan realizar conxuntamente.
- Divulgación cultural da contorna: concursos, conferencias, presentación de libros, que este curso se realicen en directo ou de xeito virtual.
- Celebración do Samaín na Biblioteca, Día das Escritoras, Conmemoración do Día contra a Violencia de Xénero, celebración de Nadal, Xornada de Recordo ás Vítimas do Holocausto nazi, Día de Rosalía de Castro, Día da Muller, Día da Poesía, Día do Libro, Homenaxe con motivo das Letras Galegas 2023.
- Convenio co Concello para acudir a obras teatrais que se nos propoñan como oferta educativa.
- Día das Letras Galegas 2023: actividades sobre a figura do intelectual e fundador da Editorial Galaxia, Francisco Fernández del Riego, homenaxeado este ano, con distintas actividades.

## 8. RECURSOS E MATERIAIS

Xa comentamos anteriormente o referente aos recursos humanos e paso a comentar os recursos e materiais que temos á nosa disposición:

O centro contaba ata o curso pasado cunha biblioteca duns 200 m2 situada no primeiro andar, perto da entrada e con acceso ao vestíbulo, con grandes ventás e luz natural en case todas as dependencias da biblioteca; así mesmo dispón dun bo sistema de calefacción que garante una óptima adecuación para ler, estudar, realizar tarefas escolares etc. Sen dúbida este foi sempre o espazo máis acolledor do noso centro e do que todos e todas falan ben, aínda que desde hai dous anos as instalacións víronse transformadas ao converterse a sala grande de lectura nun aula por necesidades

derivadas da adaptación ás normas anticovid.

Pero desde o mes de xullo do curso 2020-2021 a Consellería de Educación acometeu unha fonda restructuración da planta baixa do edificio que permitiu ampliar a biblioteca; así, aproveitando espazos que pertencían á chamada “casa do conserxe” e que tiñan ata entón usos diversos, fíxose unha gran sala de lectura, diáfana, toda exterior e con saída ao antigo patio da “casa do conserxe” que agora queda tamén incorporada á biblioteca e que se convertirá, logo de acometer a limpeza, adecuación e arranxos necesarios, nunha nova zona para lectura, reunión dos clubs de lectura e actividades diversas para a biblioteca e para todos departamentos ao aire libre.

Así, na actualidade dispoñemos de catro espazos contiguos pero ben diferenciados: un corredor de acceso desde o vestíbulo do centro leva a unha sala a disposición do alumnado con tres mesas redondas e cadeiras para estudo e lectura; unha zona de préstamos cun ordenador, unha impresora e un scanner e dotada con seis postos informáticos con acceso a internet, utilizables polo alumnado sempre baixo a supervisión do profesorado da biblioteca ou profesorado que faga uso deles para impartir as súas materias; unha sala grande de lectura que desde o curso 2020-2021, por mor das necesidades do centro, veuse reconvertida en Sala de usos múltiples para impartir clases de distintas materias pero que dá servizo á biblioteca nos tempos de lecer e sempre que non estea usada con fins docentes; e, desde principios do curso 2021-2022, como resultado das reformas levadas a cabo no verán pola Consellería de Educación, unha nova gran sala anexa á zona de préstamos con acceso directo a un espazo exterior.

Este recinto exterior, unha vez que sexa debidamente adecuado (limpeza e imprimación do chan, pintura dos muros interiores, instalación de mobiliario axeitado etc), conformará un espazo ao aire libre, especialmente útil para ser utilizado como lugar de estudo e lectura, realización de actividades diversas tanto da biblioteca como dos distintos departamentos, especialmente nos días de bo tempo.

A nova disposición da biblioteca implementou tamén a accesibilidade, xa que os usuarios e usuarias poden facer uso de triple entrada: a través do corredor novo, pola porta da Sala de usos múltiples e pola cancela da zona exterior que tén porta de saída cara ao aparcadoiro do instituto. Sen dúbida, non só se reforza, como dicíamos a accesibilidade, senón tamén os lugares de saída e evacuación da biblioteca en caso de incendio, reforzando os puntos de seguridade necesarios.

A modificación fixo que do deseño anterior da biblioteca falte unha pequena sala interior de consulta e depósito de libros que daba acceso á biblioteca, hoxe convertida en Sala de titorías, pero a perda deses metros cadrados vese amplamente compensada polos novos espazos que nos fixeron gañar en metros cadrados, iluminación natural e posibilidade de aireación, tan necesaria nestos tempos.

O mobiliario foise renovando de tal xeito que desde o curso 2013/2014 ata agora renovamos catro andeis; o curso 2017-2018 renovamos a mesa do profesor bibliotecario usada para préstamos, catalogación e traballo en xeral, que está protexida por unha mampara de seguridade anticovid. Temos unha nova entrada con corredor cunha porta de acceso á biblioteca, que serve sempre de magnífico expositor para a cartelería, xunto cos taboleiros e os paneis móbiles que temos no vestíbulo, á entrada da biblioteca.

Este curso, aproveitando as reformas levadas a cabo, seguimos acometendo a decoración do corredor de acceso e as paredes da biblioteca, con fin de facer aínda máis atractivo o seu aspecto e

completando un ambiente cálido e atractivo que anime ao alumnado a facer uso das instalacións.

Os fondos están dispostos seguindo o criterio da CDU por orde alfabética en andeis abertos para os libros en todas as salas e en andeis pechados para os materiais audiovisuais na Sala de usos múltiples.

Na actualidade estamos no NR. 17.336 (dato actualizado a 17 de outubro de 2022) dos rexistros bibliográficos. Tamén recibimos subscricións de publicacións periódicas como revistas sobre ciencia e natureza, historia, banda deseñada e novidades literarias, que este ano estarán xa a disposición libre do alumnado e poden ser solicitadas para préstamo aos responsables da biblioteca.

A xestión e o préstamo víñase realizando ata o curso pasado a través do programa informático MEIGA; pero no presente curso, entre finais de setembro e primeiros de outubro, levouse a cabo a migración ao novo programa KOHA, e estamos nestes momentos no proceso de adaptación.

Mentres tanto estamos a traballar cun Documento de préstamo provisional en papel que en próximas datas iremos xa substituíndo polo préstamo e devolución a través do KOHA; o proceso de catalogación de libros e materiais novos xa estamos a facelo a través de KOHA.

A Biblioteca ten asignado o orzamento que lle corresponde (5 % do orzamento do centro) máis a cantidade que nos pode chegar polo PLAMBE e polos Clubs de Lectura.

Os materiais producidos pola Biblioteca :

- Cartaces para o fomento e animación da lectura e Clubs de Lectura.
- Materiais das exposicións diversas sobre fondos propios da nosa biblioteca.
- Boletíns de recomendacións lectoras (Nadal, Entroido, Pascua, Verán).
- Documentos informativos dirixidos ao claustro a través do correo do centro con motivo de dedicar “Hora de Ler” a datas concretas ou a homenaxear a autores e autoras.

## 9. LER EN FAMILIA

Desde a Biblioteca pretendemos fomentar entre as familias os préstamos de materiais presentes na Biblioteca (revistas, libros de lectura, libros de divulgación, cómic, cine, música). Para iso facemos unha divulgación das nosas actividades a través das “**Recomendacións lectoras**” que preparamos ao longo do curso e ás que damos difusión a través de:

- Páxina web do centro e Instagram.
- Blog da biblioteca, albergado no espazo dedicado a Biblioteca na páxina web do centro.
- Aula Virtual/ Biblioteca (acceso directo sen contrasinal).
- Cartaces nas aulas, paneis e tableiro da biblioteca no vestíbulo do instituto.

A posíbel creación dun ANPA este curso no centro permitiría fomentar estas accións e chegar a máis persoas.

## 10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Intentamos levar un seguimento das actividades planificadas dende principio de curso (se se fixeron, se non se fixeron e o porqué, se saíron ben, se non e porqué etc.), aínda que non temos establecidas enquisas de avaliación. Procuraremos, se é posible, traballar este curso e os próximos neste sentido; cómpre ter en conta a colaboración dos Departamentos e do maior número de profesorado implicado.

Cómpre indicar que a nosa previsión de futuro pasa por intentar facer da biblioteca un espazo máis interconectado cos departamentos, tarefa que ten que pasar por traballar moito máis nos seguintes aspectos:

- Selección de recursos, organización e xestión da información e o coñecemento.
- Artellar programas xerais de formación básica de usuarios, habilidades intelectuais, competencia dixital, tratamento e uso da información.
- Promover actividades de fomento de lectura e tamén de escritura, a través de concursos literarios.
- Abrirnos ó ámbito extraescolar.
- Achegar ao claustro unha visión de conxunto dos servizos, programas e posibilidades de uso da biblioteca escolar durante o curso académico; neste senso sería interesante, cara ao futuro, xerar un documento que facilite esta tarefa.

Con respecto á XESTIÓN TÉCNICA, cada ano escolar na Memoria PLAMBE de fin de curso incluímos:

- Datos estatísticos de novas adquisicións, indicando o número de documentos e materiais audiovisuais dados de alta, especificando as materias ás que pertencen.
- Datos estatísticos do servizo de préstamo ata finais de curso.
- Número de obras máis solicitadas en préstamo ao longo do curso.

Narón, 26 de outubro de 2022



Asinado Elba Granado Sánchez  
Coordinación da Biblioteca



Vtº. E prace  
A Directora, Dona Tamara Cercido Galdo